



Obasileia. «Ovellas perdidas» ao servizo da Sociedade e na Igrexa

Mari Carmen Lata Rioboo, José Manuel Rodríguez Díaz e Ángel Meijide Rico¹

Que algún día escribiríamos un artigo na revista *Encrucillada*? Quen podería imaxinar hai uns anos que se nos regalaría tan fermosa oportunidade! Grazas porque, de verdade, para nós isto é un pasiño máis nun soño feito realidade.

Tratando de ser fieis ao espírito co que nace este proxecto e aos froitos que imos recollendo, tal como nos pedistes, intentaremos contar brevemente a experiencia de Raíña en tanto é un proxecto no que bens da Igrexa se poñen ao servizo da sociedade.

E por suposto que imos poñer en valor dous dos maiores bens que posúe a Igrexa, que, non confundamos, non son nin as moitas propiedades que acumula, nin os cartos, nin os centos de casas reitorais en ruínas, nin as fincas, nin os seus moitos tesouros que «a traza e mais a ferruxe acaban con eles, e os ladróns asaltan (...) para roubalos» (Mt 6, 19), senón outros verdadeiramente máis valiosos.

Se botamos a vista uns poucos anos atrás, cando comezou a camiñar esta «tolería» (como algúns dicían, e con razón), temos que constatar con relativa tristura que a Igrexa non puxo ao noso dispor o único ben material, unha casa reitoral, que lle solicitamos e que agora, desgraciadamente, permanece en estado ruinoso. Pero non é esta unha queixa amarga, nin quixeramos botar en cara nada a ninguén, xa que, ao fin, para nós converteuse nunha «sorte».

¹ Mari Carmen Lata Rioboo é gandeira e vicepresidenta da Asociación Raíña; José Manuel Rodríguez Díaz é gandeiro e socio fundador da Asociación Raíña; Ángel Meijide Rico é empresario e tamén socio fundador da Asociación Raíña.